

**SR. ALCALDE/ALCALDESA DO  
CONCELLO DE CONCELLO  
(dos 94 da provincia)**

# CIRCULAR

## PARA ELABORAR O PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2009

### **1.- INTRODUCCIÓN**

Como en anos anteriores esta Deputación provincial vai a iniciar a elaboración do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o ano 2009. O plan do ano 2009 vaise elaborar no marco do Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regulamenta a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais (*BOE* nº 166 do 12 de xullo de 2003), desenvolvido por Orde do Ministerio de Administracións Públicas 293/2006 do 31 de xaneiro (*BOE* nº 36 do 11 de febreiro do 2006).

Nesta Circular contéñense as instrucións para a elaboración do POS 2009, así como do seu Plan complementario, estruturándose en apartados de acordo cos aspectos máis significativos.

Sublíñase que para a redacción e tramitación dos proxectos e posterior contratación é aplicable a nova Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (*BOE* nº 261 de 31 de outubro de 2007).

Así e todo, para calquera dúbida ou aclaración pódense dirixir á Sección de plans provinciais da Deputación.

Número de teléfono	981 080 316
Número de fax:	981 080 346
E-mail	xestion.plans@dicoruna.es
Páxina web	www.dicoruna.es

Tal e como se ven facendo dende os anos pasados, e co obxecto de mellorar e adaptar a Administración ás novas tecnoloxías, infórmaselles da posibilidade de descargar da páxina web desta Deputación tanto a presente Circular coma o acordo plenario municipal onde se aproban os investimentos para o ano 2009. Este último documento poderase utilizar para cubrir os datos que se precisen.

## 2.- ELABORACIÓN DO POS 2009

De conformidade coa normativa estatal, o POS 2009 configúrase como un Plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os Plans municipais que elaboren os concellos da provincia.

Nel figurarán a totalidade dos investimentos que durante o ano 2009 teña previsto realizar a Deputación cos municipios da provincia dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, partindo das cifras da achega polo concepto ESTADO + DEPUTACIÓN que se indican no apartado do financiamento.

Como queda dito, o plan enmárcase dentro do Programa de cooperación económica do Estado que ten como obxectivo prioritario o financiamento dos investimentos necesarios para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, podendo non obstante, incluírse outras obras e servizos non obrigatorios que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no art. 25 da devandita lei.

### 2.1 FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participan o MAP, a Deputación e os Concellos conforme ás porcentaxes de cofinanciamento que máis adiante se indican.

A cantidade que se lle asigna, polo concepto de ESTADO + DEPUTACIÓN, a ese Concello para a anualidade 2009, calcúlase mediante a aplicación das variábeis ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

10%.....	cota fixa
5%.....	esforzo fiscal
15%.....	número de parroquias
35%.....	poboación
35%.....	superficie

Da aplicación dos datos dese Concello, resulta que a cantidade asignada polo concepto Estado + Deputación é a seguinte:

<b>CONCELLO DE</b>	CONCELLO
--------------------	----------

Asignación do POS-2009	Subvención Estado + Deputación asignada	IMPORTE
------------------------	---	---------

A esta cantidade sumarase necesariamente o importe correspondente á achega municipal mínima obrigatoria, de acordo co citado R.D. 835/2003, onde se establece a necesidade de que para cada investimento, o Concello correspondente realice unha achega municipal mínima obrigatoria do 5%, calculada sobre o presuposto de contrata da obra, con independencia do tipo de actuación de que se trate:

Presuposto de contrata do proxecto =	(Subvención Estado+Deputación) + 5% (achega mínima) do presuposto de contrata do proxecto
--------------------------------------	---

Terase en conta que o 5% de achega do concello, ao ser unha porcentaxe mínima esixida para cada obra, non poderá ser obtida por redondeo de 4,99.

Esta porcentaxe de achega municipal ten carácter mínimo, polo que os concellos poden realizar unha maior achega municipal sobre o mínimo previsto se así o desexan e isto implica o incremento na mesma contía do importe total de proxectos.

Para cada obra solicitada deberase indicar individualizadamente a parte que achega o concello, respectando a porcentaxe mínima indicada, e a que se financia con cargo ao ESTADO + DEPUTACIÓN.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada o día 25-09-1998, no caso de haber baixa de licitación na obra, ao Estado aplicaráselle a menor baixa posible sempre que se respecten as porcentaxes de cofinanciamento establecidas no citado Real decreto 835/2003, e o concello beneficiarase da máxima baixa posible aplicada sobre a maior achega municipal realizada sobre o mínimo previsto no Plan (5% sobre o presuposto de adxudicación).

Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente unha achega maior ao 5% do presuposto da obra, no caso de que houberse baixa de licitación, esta aplicarase preferentemente a minorar a dita maior achega, mantendo no posible as achegas do Estado e da Deputación.

## 2.2 TIPOS DE OBRA, ENQUISA DE INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO LOCAL

Como xa se indicou, neste Plan pódense incluír, todas as obras e servizos que sexan de competencia municipal, con preferencia aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.

### ■ **Obras, non subministracións.**

É importante salientar que segundo o criterio do MAP non se poden incluír no Plan as adquisicións de subministracións ou adquisicións de bens para o Concello, senón que só se poden incluír "obras" propiamente ditas.

### ■ **Non urbanizacións.**

**Ademais, de acordo co establecido no artigo 7 da citada Orde do 31 de xaneiro de 2006, e as instrucións recibidas do MAP, non se poderán incluír "proxectos de urbanización". No suposto de obras de competencia municipal, nas que se vaian a realizar varios tipos de actuacións como abastecemento de auga, saneamento, beirarrúas, etc., deberá indicarse no título aquela ou aquelas que teñan un maior orzamento.**

**Lémbrese que só poderán ser obxecto de subvención as actuacións en bens de titularidade das Entidades locais, excluíndose as que foxen executadas en bens que non teñan esta condición ou que con posterioridade, poidan ser obxecto de propiedade privada.**

### ■ **Os proxectos en fases deben ser obras completas.**

No caso de proxectos que teñan na súa denominación a indicación da realización dunha fase, parte, tramo, etc., debe figurar na memoria do proxecto que se trata dunha obra completa de acordo co establecido no artigo 74 da citada Lei 30/2007, de contratos do sector público, sempre que sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto.

As normas procedimentais ou de publicidade que deben aplicarse na adxudicación de cada lote ou prestación diferenciada determinaranse en función do valor acumulado do conxunto, coas excepcións previstas nos artigos que se indican.

Nestes casos, terase que achegar un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

### ■ **Utilización da Enquisa de infraestrutura e equipamento local.**

Pola outra banda, de conformidade co establecido no art. 3 do citado Real decreto 835/2003, para realizar a selección das obras que se incluírán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na ENQUISA DE INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO LOCAL, xestionada por esta Deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recoméndase consultar a nova “**ficha municipal**” con datos do concello que figura na páxina web desta deputación ([www.dicoruna.es/eiel - informes - ficha municipal](http://www.dicoruna.es/eiel-informes-ficha-municipal)), na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos. Xúntase a folia número 5 da ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia.

Os datos dese concello que figuran na enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e motivaranse na memoria a que se refire o apartado 4 desta Circular.

### 2.3 PROXECTOS

#### ■ **Presuposto mínimo.**

Os proxectos deberanse presentar para as obras incluídas na anualidade de 2009, tanto do Plan base como do Plan complementario, ao que se fai referencia máis adiante. O importe **mínimo de cada obra é de trinta mil euros 30.000,00€** que é o importe mínimo establecido no citado Real decreto 835/2003.

#### ■ **Cada obra, un proxecto.**

Cada obra identificarase cun proxecto, tendo en conta que non se deben incluír como obras independentes os orzamentos parciais do proxecto.

#### ■ **Denominacións.**

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificadas sen lugar a dúbidas os investimentos que se integran no Plan, como figura no artigo 7.a) da citada Orde do 31 de xaneiro de 2006.

*“A denominación das obras será suficientemente descritiva das actuacións contidas no correspondente proxecto e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación onde se leven a cabo as mesmas, se o municipio consta de máis dun.”*

**Número de exemplares.** Presentaranse dous exemplares de cada un dos proxectos xunto co resto da documentación que máis adiante se lle indica.

#### **Terreos e autorizacións.**

O Concello acreditará que existe dispoñibilidade dos terreos para realizar as obras, así como que conta coas autorizacións e concesións administrativas que fosen necesarias para a súa execución.

#### ■ **Contido.**

Os proxectos técnicos das obras deberán comprender, a lo menos, os documentos que se indican no artigo 107 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público, que son os seguintes:

- a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo tipo a ter en conta.
- b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
- c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que correspondan ó contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
- d) Un presuposto, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.
- e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.
- f) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.
- g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
- h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario.

### **3.- ELABORACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO**

No art. 8 do citado Real decreto 835/2003, establécese que as Deputacións aprobarán os Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Isto significa que xa neste momento se debe prever a obra ou obras que se desexe realizar no caso de producírense remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións de obras, de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no Concello.

Para isto, terase en conta que o presuposto mínimo dos proxectos é de 30.000,00€ e que para o seu financiamento se poderán utilizar os remanentes producidos polas baixas de adxudicación ou, no seu caso, polas anulacións de obras, podendo o concello realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se foxe necesario.

### **4.- DOCUMENTACIÓN QUE SE HA DE REMITIR**

Ata o próximo día **29 de novembro de 2008 incluído** o Concello deberá remitirle a esta Deputación a documentación que máis abaixo se indica.

*Para os efectos de evitar os atrasos producidos en anos anteriores como consecuencia da devolución de documentación aos concellos para a corrección dos erros detectados, prégase que se poña a máxima dilixencia na elaboración dos proxectos, repasando incluso as operacións aritméticas, con especial atención ás inexactitudes provocadas polo redondeo de decimais.*

Se existe algunha dúbida ou precisa algunha aclaración sobre a elaboración do plan rogamos que se poñan en contacto coa Sección de Plans Provinciais da deputación para evitar que a documentación se envíe con erros e teña que ser devolta ao concello.

**1.- MEMORIA:** A memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- a.- Obxectivos que se han de alcanzar no período. Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do plan, **tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de infraestrutura e equipamento local.**
- b.- Criterios de selección. Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección das obras e a distribución do seu financiamento.
- c.- Financiamento. Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.
- d.- Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

**2.- CERTIFICADO DO ACORDO MUNICIPAL DE APROBACIÓN DO POS BASE 2009 E DO PLAN COMPLEMENTARIO (segundo modelo que se achega e que tamén figura na páxina web da Deputación [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)).**

**3.- PROXECTOS EN EXEMPLAR DUPLICADO DAS OBRAS DE 2009 E DO PLAN COMPLEMENTARIO**

O PRESIDENTE

Asdo.- Salvador Fernández Moreda